

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses desde a súa íntegra publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20266 *REAL DECRETO 1265/2006, do 8 de novembro, polo que se modifica o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro. («BOE» 279, do 22-11-2006.)*

A cobertura dos riscos extraordinarios sobre as persoas e os bens, inicialmente regulada e encomendada ao Consorcio de Compensación de Seguros (en diante o Consorcio) pola Lei do 16 de decembro de 1954, ten a súa regulación legal actual no texto refundido do Estatuto legal da citada entidade pública empresarial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 7/2004, do 29 de outubro. O texto orixinal deste estatuto legal foi o recollido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida, e de actualización da lexislación de seguros privados, que foi posteriormente modificado pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pola Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados e, recentemente, pola Lei 12/2006, do 16 de maio, pola que se modifica o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro, e a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do Mercado de Valores.

Especialmente a Lei 44/2002, do 22 de novembro, incorporaba importantes cambios no réxime xurídico do Consorcio, moi en particular no relativo ao sistema de cobertura dos riscos extraordinarios, no cal por primeira vez quedaban incluídos entre os danos cubertos os debidos a perdas de beneficios como consecuencia de acontecementos extraordinarios. A lei encomendaba o seu desenvolvemento á oportuna disposición regulamentaria, que se aprobou polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, que aproba o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, norma que desenvolveu un regulamento integramente novo.

A recente Lei 12/2006, do 16 de maio, froito da extensión ao ramo de vida, menos sensible este nun primeiro momento, das consecuencias xeneralizadas que para o mercado mundial de seguros e reaseguros tiveron os acontecementos extraordinarios acaecidos nos exercicios precedentes –moi en particular os vinculados ao terrorismo–, veu ampliar o réxime de cobertura dos riscos extraordinarios polo Consorcio ás continxencias de risco,

é dicir, non puramente de aforro, dos seguros do citado ramo, prevendo ademais un tratamento diferenciado para os seguros de vida colectivos que instrumenten compromisos por pensións, polas súas moi específicas circunstancias. Igualmente, esta lei prevé o seu necesario desenvolvemento regulamentario, ao cal lle encomenda mesmo a determinación da data de entrada en vigor e os prazos de adaptación no que se refire á nova cobertura do ramo de vida.

Ademais do previsto na Lei 12/2006, do 16 de maio, o ano transcorrido na aplicación da innovadora cobertura de perda de beneficios como consecuencia de acontecementos extraordinarios puxo de manifesto a conveniencia de introducir determinadas melloras no texto regulamentario que clarificarán aspectos deste cuxa aplicación debeu ser obxecto de interpretación ao longo dese período.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de novembro de 2006,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro.*

O Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Os puntos 2 e 3 do artigo 1 pasan a ter a seguinte redacción:

«2. Para efectos exclusivamente da cobertura do Consorcio, entenderanse por riscos situados en España os que afecten:

- a) Os vehículos con matrícula española.
- b) Os bens inmobles situados no territorio nacional.
- c) Os bens mobles que se encontren nun inmoble situado en España, estean ou non cubertos pola mesma póliza de seguro, con excepción daqueles que se encontren en tránsito comercial.
- d) No caso de seguros de persoas, cando o asegurado teña a súa residencia habitual en España.
- e) Nos demais casos, cando o tomador do seguro teña a súa residencia habitual en España ou, se fose unha persoa xurídica, teña en España o seu domicilio social ou a sucursal a que se refire o contrato.

3. Malia o disposto nos puntos anteriores, serán tamén indemnizables polo Consorcio os danos persoais derivados de acontecementos extraordinarios acaecidos no estranxeiro cando o asegurado da póliza teña a súa residencia habitual en España.

Dous. No punto 1 do artigo 2 engádese unha nova alínea l) co seguinte texto:

«l. Feitos ou actuacións das Forzas Armadas ou das forzas e corpos de seguranza en tempo de paz: os que teñan a súa orixe en actuacións das Forzas Armadas e forzas e corpos de seguranza do Estado e dos corpos de policía das comunidades autónomas e corporacións locais, que causen danos nos bens de terceiros ou en persoas non integradas nas unidades actuantes das citadas forzas ou corpos de seguranza.»

Tres. O artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Perda de beneficios.*

1. Para os efectos da cobertura dos riscos extraordinarios polo Consorcio de Compensación de Seguros, enténdese que se produce unha perda de beneficios

cando, como consecuencia dalgún dos acontecementos extraordinarios previstos neste regulamento, ten lugar unha alteración dos resultados normais da actividade económica do suxeito asegurado, derivada da paralización, suspensión ou redución dos procesos produtivos ou de negocio da dita actividade. Os termos da cobertura en relación coa cuantificación da citada alteración e da parte indemnizable desta, así como cos períodos de cobertura e de indemnización, serán os previstos na póliza ordinaria, sen prexuízo das especialidades establecidas neste regulamento, e en particular do establecido no seu artigo 10.

2. Para que a perda de beneficios como consecuencia dun acontecemento dos previstos neste regulamento resulte indemnizable polo Consorcio de Compensación de Seguros, será necesario que unha póliza ordinaria das previstas no artigo seguinte preveña a súa cobertura como consecuencia dalgún dos riscos ordinarios de incendio, explosión, roubo, fenómenos atmosféricos ou avaría ou rotura de maquinaria, e que se producise un dano directo nos bens asegurados na propia póliza ou noutra distinta, e que sexan propiedade ou estean á disposición do propio asegurado, non quedando cubertas, polo tanto, as perdas de beneficios consecuencia de danos sufridos por outros bens ou polos doutras persoas físicas ou xurídicas distintas do asegurado, por razón, entre outros, dos bens ou servizos que aquelas deban e non poidan subministrarlle a este como consecuencia do evento extraordinario. Para os anteriores efectos considerase que o asolagamento, destrución ou deterioración, como consecuencia dun acontecemento extraordinario, das vías inmediatas de acceso a un ben propiedade do asegurado, que impidan acceder a este, constitúen un dano directo ao devandito ben, mesmo cando as vías de acceso non estivesen aseguradas.

3. Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a cobertura alcanzará as perdas de marxe bruta consolidada para grupos de empresas formados por sociedades distintas e das cales o asegurado forme parte, como consecuencia da ocorrencia dun sinistro de danos materiais sobrevido en calquera delas e cuxa causa estea, así mesmo, cuberta polo Consorcio de Compensación de Seguros, sempre que:

a) Todas as sociedades que compoñen o grupo de empresas incluídas nesta cobertura teñan garantida a perda de beneficios nas súas respectivas coberturas para os riscos ordinarios, aínda que fose por diferentes aseguradores.

b) Nas pólizas de cada unha das citadas sociedades se inclúa a relación de todas as que constitúen o grupo para os efectos desta garantía de interdependencia.

Fóra do suposto considerado no parágrafo anterior, esta cobertura exclúe as consecuencias de sinistros acaecidos a terceiros clientes ou provedores do asegurado, mesmo aínda que a póliza de riscos ordinarios preveña a cobertura baixo a denominación de interdependencia ou outra similar.»

Catro. O artigo 4 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 4. *Pólizas con recarga obrigatoria a favor do Consorcio de Compensación de Seguros.*

1. O seguro de riscos extraordinarios amparará, conforme legalmente se determina, os asegurados das pólizas que se indican a continuación, nas cales é obrigatoria a recarga a favor do Consorcio de Compensación de Seguros:

a) Nos seguros contra danos: pólizas de vehículos terrestres, vehículos ferroviarios, incendios e eventos da natureza, outros danos nos bens (roubo, rotura de cristais, danos a maquinaria, equipamentos electrónicos e ordenadores) e perdas pecuniarias diversas, sempre que,

neste último caso, preveñan coberturas das citadas no artigo 3.2, así como modalidades combinadas deles ou cando se contraten de forma complementaria. Non obstante, quedan excluídas, en todo caso, as pólizas que cubran producións agropecuarias susceptibles de aseguramento a través do sistema dos seguros agrarios combinados por estaren previstas nos plans que anualmente aproba o Goberno, calquera que sexa a delimitación das coberturas que preveña o dito sistema, así como as pólizas que cubran os riscos derivados do transporte de mercadorías, e da construción e montaxe, incluídas as pólizas subscritas en cumprimento da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

As pólizas que, cubrindo producións agropecuarias non incluídas nun plan anual de seguros agrarios combinados, estean en vigor no momento da inclusión daquelas nun novo plan, entenderanse excluídas da obriga de pagar a recarga a favor do Consorcio de Compensación de Seguros e, en consecuencia, da cobertura outorgada por este, por aplicación do parágrafo anterior, a partir do seu vencemento ou renovación, e como moi tarde no prazo dun ano desde a aprobación polo Goberno do plan anual en que pasen a estar incluídas as producións afectadas.

b) Nos seguros de persoas: as pólizas do ramo de vida que garantan exclusiva ou principalmente o risco de falecemento, incluídas as que preveñan ademais garantías complementarias de indemnizacións pecuniarias por invalidez permanente parcial, total ou absoluta, ou incapacidade temporal, nos termos que se determinan neste regulamento; e as do ramo de accidentes que garantan o risco de falecemento ou preveñan indemnizacións pecuniarias por invalidez permanente parcial, total ou absoluta, ou incapacidade temporal, en ambos os dous casos mesmo de se contratar de forma combinada ou como complemento doutro seguro. Así mesmo, enténdense incluídas as pólizas de vida ou accidentes que cubran os riscos antes citados amparados nun plan de pensións formulado conforme o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro. As pólizas colectivas que instrumenten compromisos por pensións estarán incluídas en todo caso, mesmo cando o risco garantido principalmente non sexa o de falecemento.

2. Para os efectos do previsto neste regulamento, entenderase que unha póliza de seguro de vida garante principalmente o risco de falecemento se o capital en risco supera nalgún momento o 25 por cento da provisión matemática que a entidade aseguradora que emitise a póliza deba ter constituída de conformidade coa normativa reguladora dos seguros privados. O capital en risco determínase pola diferenza entre a maior das sumas aseguradas e a provisión matemática. No caso de que as sumas aseguradas adoptasen a forma de renda, temporal ou vitalicia, tomarase para estes efectos, así como para os da aplicación da recarga a favor do Consorcio de Compensación de Seguros, o seu valor actual actuarial calculado conforme as bases técnicas que resulten de aplicación para a determinación das provisións matemáticas correspondentes.»

Cinco. Engádese un punto 5 ao artigo 5, coa seguinte redacción:

«5. Así mesmo, nos seguros de vida que, de acordo co previsto no contrato, e de conformidade coa normativa reguladora dos seguros privados, xeren provisión matemática, a cobertura de riscos extraordinarios polo Consorcio de Compensación de Seguros referirase aos capitais en risco para cada asegurado, é dicir, á diferenza entre as sumas aseguradas e as provisións matemáticas que, de conformidade coa normativa citada, a entidade aseguradora que emitise a póliza deba ter constituídas.

Nestes contratos, o importe correspondente ás devanditas provisións matemáticas deberá ser satisfeito, en caso de sinistro de carácter extraordinario, pola mencionada entidade aseguradora.»

Seis. O artigo 7 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 7. *Gastos complementarios.*

Os gastos de eliminación de barro e extracción de lodos, demolición, desentullo, extracción de lixiviados e transporte a vertedoiro ou planta de residuos autorizados serán considerados como danos ao continente asegurado.

Os gastos necesarios para depositar en vertedoiro os bens de contido danados, incluídos os que se puidesen considerar como tóxicos ou perigosos, serán considerados como danos ao contido asegurado.

A indemnización conxunta por gastos complementarios quedará limitada ao catro por cento da suma asegurada, e á así calculada seralle de aplicación o establecido no artigo 5 para os supostos de infraseguro.

Non serán obxecto de cobertura os gastos de limpeza e eliminación de barro de leitos públicos, canais, vasos de encoros ou foxos, dragaxes de fondos mariños, e os de obras de drenaxe de infraestruturas.

Así mesmo, tampouco serán obxecto de cobertura os gastos derivados dos honorarios dos profesionais designados polo asegurado para efectuaren a peritación dos danos.»

Sete. No artigo 9 dásele nova redacción ao punto 3; o seu texto actual pasa a ser o punto 4:

«3. Cando nunha póliza se estableza unha franquía combinada para danos e perda de beneficios, o Consorcio de Compensación de Seguros liquidará os danos materiais con dedución da franquía que corresponda por aplicación do previsto no punto 1 e a perda de beneficios producida con dedución da franquía establecida na póliza para a cobertura principal, minorada na franquía aplicada na liquidación dos danos materiais.

4. Facúltase o Ministerio de Economía e Facenda para que, cando as circunstancias o aconsellen, e logo de informe do Consorcio de Compensación de Seguros, poida modificar o importe da franquía establecido neste artigo.»

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio de adaptación ás modificacións do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios.*

1. Os contratos de seguro de vida de nova emisión que se celebren a partir dos seis meses seguintes á data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da resolución que adapte a Resolución do 28 de maio de 2004, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se aproban as recargas a favor do Consorcio de Compensación de Seguros para o exercicio das súas funcións

en materia de seguro de riscos extraordinarios, ás modificacións introducidas no Regulamento do seguro de riscos extraordinarios por este real decreto, de conformidade cos artigos 12 e 13 deste, deberán estar adaptados ao citado regulamento; igualmente, transcorrido o devandito prazo, deberase realizar preceptivamente a adaptación a este dos contratos de seguro de carteira á súa renovación, como moito no prazo dun ano desde o transcurso dos seis meses.

2. Durante o prazo a que se refire o punto 1, e mentres non se efectuase a adaptación dos contratos de seguro, os sinistros que se produzan serán indemnizados polo Consorcio de Compensación de Seguros de acordo coa redacción orixinal do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

20367 *CORRECCIÓN de erros da Orde EHA/3482/2006, do 19 de outubro, pola que se aproban os modelos de declaración de alteracións catastrais dos bens inmobles e se determina a información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación de determinadas comunicacións catastrais.* («BOE» 280, do 23-11-2006.)

Advertido erro na Orde EHA/3482/2006, do 19 de outubro, pola que se aproban os modelos de declaración de alteracións catastrais dos bens inmobles e se determina a información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación de determinadas comunicacións catastrais (BOE, suplemento número 15 en lingua galega, do 16 de novembro), por terse omitido a incorporación do anexo a que se refire o seu artigo 1.1, procédese á publicación do devandito anexo, comprensivo dos modelos de declaración catastral.